



UNIVERSIDADE DO ESTADO DO RIO DE JANEIRO
CENTRO DE EDUCAÇÃO E HUMANIDADES
INSTITUTO DE LETRAS
PROGRAMA DE ESTUDOS GALEGOS

**MEMORIA DE ACTIVIDADES DO LECTORADO DE GALEGO
DA UNIVERSIDADE DO RÍO DE XANEIRO
CURSO DE 2024**

As./Henrique Marques Samyn (Coordinador do PROEG)

As./Thayane Gaspar Jorge. (Profesora/bolseira voluntaria e investigadora de galego do PROEG)

RÍO DE XANEIRO
2024

1. Introducción

Nesta memoria faremos unha recompilación das actividades levadas a cabo polo Programa de Estudos Galegos (PROEG) e pola Universidade do Estado do Rio de Janeiro (UERJ), durante o período lectivo do curso de 2024.

Coa ausencia do lector e co atraso na asinatura do convenio, seguimos con unha redución das materias electivas ofrecidas regularmente polo PROEG. Ofreceuse neste ano soamente unha electiva: Introdução à Cultura Galega (ILE02-10321):

- 1º (referente a 2024.1): 27 de febreiro ao 6 de xullo.
- 2º (referente a 2024.2): 6 de agosto ao 16 de decembro.

1.2 Contexto do lectorado na universidade

No ano de 1996 a profesora Maria do Amparo Maleval creou o Programa de Estudos Galegos como un sector dentro do departamento de Literatura e Cultura Portuguesas da Universidade do Estado do Rio de Janeiro. En 1998 o PROEG logrou un contrato de convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Xunta de Galicia e a UERJ, feito que instituíu o nacemento do lectorado na nosa universidade. O ato executivo 41/96, de 23/07/1996 prescreve como obxectivos e metodoloxía do PROEG os seguintes puntos:

- Desenvolver, incentivar, apoiar e providenciar asistencia as actividades docentes, culturais, de investigación e extensión involucradas nos estudos galegos de lingua, literatura e cultura;
- Promover e aproximar un intercambio cultural entre Galicia e Brasil;

O Programa de Estudos Galegos garante estes obxectivos a través da oferta de catro disciplinas regulares impartidas polos/polas lectores/lectoras divididas entre Lingua Galega, Introducción á Cultura Galega, Literatura Galega I e Literatura Galega II para o alumnado de graduación de todas as áreas de coñecemento e carreiras. Además das disciplinas, o PROEG organiza e promove eventos e actividades frecuentes coa comunidade interna e externa da universidade e establece, por medio de charlas e publicacións, un diálogo frutífero entre os outros centros de galego no Brasil, principalmente o Núcleo de Estudos Galegos da Universidade Federal Fluminense (UFF), coordinado por Fernando Ozório e Xoán Lagares.

2. Proposta de mellora

En 2025, o Programa de Estudos Galegos ten como meta ampliar o alcance e a calidade das súas actividades académicas, promovendo un espazo de estudo e difusión aínda máis rico e inclusivo da lingua e cultura galegas. Porén, identificamos algúns retos estruturais que, se superados, poderían potenciar o noso labor e permitir un crecemento sostido.

A falta de recursos e equipos adecuados para as transmisións en liña limita as nosas posibilidades de acadar un público máis amplo e de democratizar o acceso ás nosas actividades, tanto para estudantes como para profesores en diferentes rexións. Este investimento en infraestrutura, en ordenadores, conexión/internet de calidade e cámaras dixitais é esencial para que poidamos ampliar a nosa oferta, viabilizar a participación de máis docentes e, con iso, enriquecer o alcance das nosas accións.

Unha cuestión importante é a escaseza de materiais que deberían ser proporcionados pola Xunta de Galicia, como materiais de divulgación das Letras Galegas, que serían de grande utilidade para promover a cultura galega e facilitar as actividades do Programa, sobretudo porque o acceso a libros galegos dende o Brasil resulta custoso e difícil.

Ademais, a creación de estratexias para a recepción de profesores visitantes, que sean investigadores ou lectores de galego, resulta fundamental para establecer intercambios culturais e académicos, fortalecendo o Programa e permitindo que o noso alumnado teña contacto con perspectivas distintas.

3. A profesora convidada/bolseira

A profesora convidada/bolseira, Thayane Gaspar Jorge, encargada da docencia das materias optativas de galego ofrecidas para estudantes de todas as titulacións de grado da institución alén de planificar o curso dende 2020, actuou, xunto da coordinación, como organizadora, presentadora e mediadora das actividades do semestre. A profesora convidada/bolseira tamén estivo responsábel polas reunións cos convidados das charlas e dos convites. A profesora tivo a axuda dos alumnos bolseiros Téó Luá Viana e Bárbara Cristina Gomes para a elaboración de cartaces e *banners* dos eventos e tamén para a difusión dos mesmos (nas redes sociais), así como a comunicación via correo electrónico

co alumnado e a comunidade interna e externa e produción de certificado para os e as asistentes das comunicacións abertas ao público.

Fóra da UERJ, a profesora participou de congresos e seminarios nos cais difundiu a cultura, lingua e literatura galegas e tamén asistiu e ministrou cursos para ampliar e transmitir seus coñecementos na área de galego, ademais, este ano Thayane foi eleixida secretaria da Asociación Internacional de Estudos Galegos e, dende abril, organiza actividades quincenais sobre galego a través da AIEG. En Galicia e en Portugal, en súa breve estada, estivo participando de actividades na Escola Oficial de Idiomas de Santiago e no IES de Boiro versando sobre as semellanzas e diferenzas do portugués de Brasil e o galego, participou de diversas presentacións do seu libro autoral “Nossa concha de retalhos” (historia que se pasa en Galicia) en Coruña, Ferrol, Porto e Braga.

Este ano, Thayane Gaspar foi invitada a impartir por un semestre, no pos-grado da Universidade Federal do Rio de Janeiro (UFRJ), un curso sobre Literatura Infantil e Xuvenil Galega para a turma de especialización en Literatura Infantil e Xuvenil sob a orientación da coordinadora Luci Ruas.

Thayane tamén cumpriu o segundo ano como profesora de galego para secundaria na Escola Municipal Cívico-Militar Carioca, onde organizou charlas con investigadores de galego, un sarau en homenaxe a Luísa Villalta, un San Xoán con presentación de baile tradicional galego e o Samaín a través de unha pescuda sobre meigas/bruxas e o feminismo levada a cabo polo alumnado orientado por Thayane e polo profesor de historia da institución. Ademais, en abril, Thayane inaugurou a primeira biblioteca de galego na maior rede de ensino público da América Latina, oriunda de doación de amigos, profesores e investigadores de galego con quen estivo en Abril.

1. O equipo encargado polas actividades do PROEG organizaron/estiveron presentes/foron conferencistas (n)os seguintes actos:
 - A (re)conquista do galego dos espazos culturais: do punk ao anime promovido por Miguel Franco (26 de marzo);
 - Mesa Redonda no XIV Congreso da AIEG” A AIEG e os estudos galegos no exterior. Horizontes de futuro”, na cal Thayane Gaspar participou como conferencista (18 de abril).

- Charla no XIV Congreso da AIEG: “A velha: a morte simbólica da lingua e cultura galegas na literatura infantil e juvenil contemporánea” de Thayane Gaspar (17 de abril).
- III Lectura continuada de literatura galego-portuguesa. A República dos Sonhos de Nélida Piñón organizada pola AGA (3 e 4 de maio).
- O galego na lusofonia con Eduardo Maragoto (2 de maio);
- Jornada das Letras Galegas con Henrique Marques Samyn, Fernando Ozório, Leonardo Davino, Leonardo Fuks e Thayane Gaspar (14 de maio);
- Quintal cultural: Cinedebate sobre a animación *O apóstolo* con Caio Neves e Thayane Gaspar, promovido polo colectivo Animalettras (UERJ) (20/06);
- Charla “As versións galegas de Cathleen ni Houlihan” de Thayane Gaspar XIII Jornada de Estudos Irlandeses 2024 - Interseccionalidade e Produción de Conhecimento (20/06)
- Grupo de estudos: *Homenagem ao Bloomsday: a presença de Irlanda na Literatura Galega*, con Thayane Gaspar (25 de junho);
- Participación na Letras Galegas do Clube Español de Niteroi (16 de xuño);
- Participación de Thayane Gaspar no *Maratón de Galegidades* organizado pola Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI) e Deputación da Coruña (24 de xullo);
- Participación de Thayane Gaspar no evento “Conexões entre a cultura galega e a brasileira” organizado pola Associação Galega da Língua (24 de outubro);
- Colaboración coas charlas organizadas polos Programa de Estudos Medievais da UERJ e da UFRJ “Símbolos e cosmovisão na peregrinação a Santiago de Compostela” con Francisco Singul (3 de outubro);
- Colaboración coas charlas organizadas polos Programa de Estudos Medievais da UERJ e da UFRJ “El apóstol está presente: la imagen de Santiago y sus peregrinos” con Manuel Castiñeiras (7 de outubro);

2. Cursos impartidos:

- Eletiva de Música e baile galego para o alumnado da Escola Municipal Cívico-Militar Carioca (durante o ano de 2024);
- Eletiva de Língua e Cultura Galegas para a turma 1903 da Escola Municipal Cívico-Militar Carioca (durante o 2º semestre de 2023);

- Coordinación e mediación do Grupo de Estudos Galegos na UERJ (de febreiro a decembro);

3. Actuación docente

A profesora convidada/bolseira quedou responsábel por ministrar as disciplinas de Introdução à Cultura Galega (ILE02-10321) nas que comprometeuse cos obxectivos:

- ✓ Introducir o alumnado á historia cultural, literaria e lingüística da Galicia;
- ✓ Promover coñecementos sobre as particularidades da cultura e lingua galega;
- ✓ Discutir a situación actual da lingua;
- ✓ Presentar autores clásicos e textos de interese para a formación do alunado brasileiro;
- ✓ Reflexionar sobre a historia da Galicia e súa presenza nos estudos brasileiros;
- ✓ Promover un intercambio de materiais, tornando accesíbel o contacto e a aproximación do alumnado brasileira coa Galicia;

As disciplinas teñen unha carga de 1h 40 min semanais e tódalas actividades son presenciais.

INTRODUCCIÓN Á CULTURA GALEGA 2024.1

Numero total de alumnos	Numero total de alumnos regulares	Numero total de homes	Numero total de mulleres
20	20	12	8

INTRODUCCIÓN Á CULTURA GALEGA 2024.2

Numero total de alumnos	Numero total de alumnos regulares	Numero total de homes	Numero total de mulleres
14	14	1	13

5. Programa das materias

Introdución á Cultura Galega

1. Historia da Galicia e formación da lingua galega.
2. Nocións básicas da gramática galega.
3. Celtismo: Mitos fundacionais, literatura e nacionalismo galego.
4. Mitología, supersticións e lendas do imaginario galego popular.
5. Calendario, festas, celebracións e gastronomía.
6. O camiño de Santiago: historia, producións audiovisuais, literarias e culturais.
7. Música tradicional, música celta e música actual galega.
8. Foliada e obradoiro de música e baile co grupo Sempre Alba.
9. Paisaxe natural de Galicia, identidade e a traxedia do Prestige.
10. Emigración e diáspora
11. Saudade e *Morriña*
12. Arte galega
13. Cinema Galego.
14. Sociolingüística galega;
15. Clausura das actividades.

6. Sistema de avaliación

A avaliación

FORMACIÓN DA NOTA FINAL			
Asistencia	Participación	Traballo	Nota
1	1	8	10

7. Bibliografía e recursos en rede

INTRODUCCIÓN Á CULTURA GALEGA

AXEITOS, Xosé Luís (1993). *O celtismo na poesía galega*. Anuario de Estudios Literarios Galegos: 1992. p. 95-106.

BARBOSA, José Manuel. *Bandeiras da Galiza*. Ourense: AGAL Universália, 2006.

BEGOÑA, Aretxaga. *Xénero e nacionalismo: a inherente inestabilidade de dous conceptos*. Vigo: Edicións Xerais, 1996.

BERGANTINHOS, Noa Rios. *A mulher no nacionalismo galego (1900-1936): Ideologia e realidade*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 2001.

CARBALLO, Francisco; CARREIRA, Anselmo López; FERNÁNDEZ Bieito Alonso; LOURIDO, Francisco Calo; OBELLEIRO, Luís. *Historia Xeral de Galicia*. Edicións A Nosa Terra, 2005

CARBALLO, X. Rof. *Mito e realidade da terra nai*. Vigo: Editorial Galaxia, 1989.

FERNÁNDEZ, Bieito Alonso. *Breve História do Nacionalismo Galego*. Vigo: A Nossa Terra, 1999.

FIGUEROA, Antón. *Nación, literatura, identidade*. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia. Vigo: Editorial Xerais, 2001.

FORCADELA, Manuel. *Dama Saudade e o Cavaleiro Sombra. As relacións entre o imaxinario literario e o imaxinario nacional na literatura galega contemporánea*. Berlín: Franl & Timme, 2013.

FERRO, Xosé Ramón Mariño. *Aparicións e santa compañía*. Vigo: Edicións do Cumio, 1998.

FIGUEROA, Antón. *Nación, literatura, identidade*. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia. Vigo: Editorial Xerais, 2001.

GONZÁLEZ-MILLÁN, Xoán. *Resistència cultural e diferenza histórica: A experiencia da subalternidade*. Santiago de Compostela: Soutelo Blanco, 2000.

KEATING, Elizabeth Frances. *Afinidades culturais entre Galicia e Irlanda*. Vigo: Editora Galaxia, 1988.

MURGUÍA, MANUEL. *Historia de Galicia*. Lugo: Souto Freire, 1866.

LINARES, Juan J. *O baile en Galicia: método de aprendizaxe*. Vigo: Editorial Galaxia, 1986.

LÓPEZ, Jesus Rodriguez. *Supersticiones de Galicia*. Lugo: Ediciones Celta, 1971.

LEIRA, Alberto Allegue. Irlanda na revista Nós. *Apuntamentos para un estudo das relacións culturais*. Disponível: <

<https://revistas.ucm.es/index.php/MADR/article/viewFile/MADR1010110019A/32873>> acceso em 9 de junho de 2017.

LEÓN, Victoria Sendón de. *Matria: el horizonte posible*. Madrid: Editora Siglo XXI, 2006.

LÓPEZ, María Jesús Lama. *O celtismo e a materia de Bretaña na literatura galega: Cara à construción dun contradiscurso histórico ficcional na obra de Xosé Luís Méndez Ferrín*. Disponível em: < <https://core.ac.uk/download/pdf/16211226.pdf>>

MALEVAL, M.A. Tavares. *Rastros de Eva no Imaginário Ibérico: séculos XII a XVI*. Santiago de Compostela, Ed. Laiovento, Col. Vento do Sul, 1995.

MIGUÉLEZ-CARBALLEIRA, Helena. *Galiza, um povo sentimental?: género, política e cultura no imaginário nacional galego*. Santiago de Compostela: Editora Através, 2014.

MURADO, Miguel-Anxo. *Outra ideia de Galicia*. Barcelona: Penguin Random House Grupo Editorial, 2016.

NEYRA, Xulio Pardo de. *O pérfido canto das sereas*. Santiago de Compostela: Tórculo

Edicións, 2008.

OROZA, Herminia Pernas. *Historia das mulleres en Galicia: época contemporânea*. Santiago de Compostela: Nigratrea, 2011.

PAZ, Ramón Mariño. *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Editora Sotelo, 1998.

PENAS, Dolores Gómez. LUGRÍS, Alberto Álvarez; FUENTES, Maria Amelia Fraga, MACCARTHY, Anne; MATO, Eduardo Moscoso. *A identidade galega e irlandesa a través dos textos*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade Santiago de Compostela, 2006.

PÉREZ, Domingo Blanco. *Historia da literatura popular galega*. Santiago de Compostela: Biblioteca de divulgación, 1994.

PORTAS, Manuel. *Língua e sociedade na Galiza*. A Coruña: Bahía edicións, 1993.

QUEIZÁN, María Xosé. *A muller en Galicia*. A muller na sociedade galega, a lingua galega e a muller: análise estrutural de dois feitos represivos. A Coruña: Edicións do Castro, 1977.

REBOREDO, X. M. González. *Lendas galegas de tradición oral*. Vigo: Editorial Galaxia, 1995.

SAINERO, Ramon. *Los orígenes de la leyenda de Breogan*. Madrid: Ediciones Akal, 2013.

SÁNCHEZ, Anxo Gómez; ZAS, Mercedes Queixas. *Historia Xeral da Literatura Galega*. Vigo: A Nosa Terra, 2001.

SILVA, Érica Sarmiento da. *Galegos no Rio de Janeiro (1850-1970)*. Tese de Doutoramento en Historia apresentada à Faculdade de História da Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela, 2006.

VILLARES, Ramón. *História da Galiza: uma memória dos avós europeus*. Vigo: Mar Maior Editorial Galaxia, 2015

- Recursos en internet

LOIA: Guía aberta á lingua galega
<http://consellodacultura.gal/cdsg/loia/?idioma=3>
Arquivo do Galego Oral (ILG)
<http://ilg.usc.es/ago/>
A Nosa Fala (CCG)
<http://consellodacultura.gal/arquivos/asg/anosafala.php>
É-Galego (Curso multimídia de galego)
<http://e-galego.cesga.es/inicio.htm>

Recursos para aprender o galego (Secretaría Xeral de Política Lingüística)

<http://www.lingua.gal/recursos/para-aprender-o-galego>

Dicionario da Real Academia Galega

<http://academia.gal/dicionario>

Dicionario de Pronuncia da Lingua Galega

<http://ilg.usc.es/pronuncia/>

Índices do Atlas Lingüístico Galego

<http://ilg.usc.es/indices/>

Recursos Integrados da Lingua Galega

<http://sli.uvigo.es/RILG/>

Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués

<http://ilg.usc.es/Tesouro/>

Tesouro Informatizado da Lingua Galega

<http://ilg.usc.es/TILG/>

Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega (VOLGa)

<http://academia.gal/recursos-volg#http://academia.gal/Volga/>

Portal Galego da Língua (AGAL)

<http://pgl.gal> Estudos de Lingüística Galega

<http://www.usc.es/revistas/index.php/elg>

Revista Galega de Filoloxía <http://illa.udc.es/rgf/> LegislaçãO linguística

Cine Galego

<https://engalecine6.webnode.es/filmes-de-fora/>

Aprendendo Galego

<http://aprendogalego.com/>

O Galego.eu

<https://www.ogalego.eu/>

Son de poetas

<http://sondepoetas.blogspot.com/>

Dicionario de Galego

<https://digalego.xunta.gal/>

Dicionario Galego de Sinónimos

<http://sli.uvigo.es/sinonimos/>

Conxugador de verbos galegos

<http://cotovia.org/proxecto/conxugador/index.html>

Ortogonal

<http://sli.uvigo.es/corrector/index.php>

Biblioteca Virtual Galega

<https://bvg.udc.es/>

Séries da TVG

<http://www.crtvg.es/en-serie>

Asociación de Tradutores galegos

<http://tradutoresgalegos.com/bivir.html>

Os arquivos da Meiga

<https://www.osarquivosdameiga.com/>

8. Actividades de promoción e divulgación da lingua, a literatura e a cultura galega

O Programa de Estudos Galegos da UERJ tivo moito éxito na construción de un público en súas actividades. Aínda que insistentemente recibamos mensaxes, de persoas que nos acompañaron durante a pandemia, pedindo que teñamos en conta un formato

híbrido, este pedido non se fai posíbel pola falta de recursos técnicos. Pero seguimos coas actividades (charlas e minicursos) co unha periodicidade satisfactoria e co grupo de estudos semesntralmente. Este ano tamén houbo actividades que aconteceron en parceria co Núcleo de Estudos Galegos da UFF e cos Programa de Estudos Medievais da UERJ e UFRJ.

9. Difusión de actividades

A divulgación de actividades foi feita a través das redes sociais do Programa de Estudos Galegos da UERJ como a nosa páxina do Facebook, noso perfil do Instagram e nosa nova canlle no YouTube. Ademáis o blogue Sempre Alba, a Asociación Internacional de Estudos Galegos e o Núcleo de Estudos Galegos da UFF e súas respectivas redes sociais foron úteis para a promocións dos eventos. A través do noso e-mail oficial tamén dispomos de un *mailing* de correo electrónicos de alumnos e alumnas interesadas en recibir nosa *news letter* mensual.

10. Valoración dos cursos do lectorado

Valoramos como positiva a actuación do noso CEG que, malia o complexo proceso para a renovación do convénio e a escasez de recursos financeiros para fomentar as actividades, conseguiu manter o ritmo de eventos, proxectos, investigación, presenza en actividades externa e diálogo cos demais núcleos e cegs vencellados aos estudos galegos.

11. Propostas de melloras dirixidas á SXPL no tocante á xestión dos lectorados

O equipo do PROEG remata este ano de moitas complicacións co unha significativa satisfaccións canto á dirección dos lectorados. Pensamos que poderíamos ter unha comunicación un pouco mais directa e frecuente principalmente neste ano no cal as condicións financeiras e de posibilidades educativas foron moi especiais en comparación con os demais lectorados.

Anexos

- Cartaces

O PROGRAMA DE ESTUDOS GALEGOS
DA UERJ, O DEPARTAMENTO LIPO DA
UERJ E O NÚCLEO DE ESTUDOS
GALEGOS DA UFF APRESENTAM

O GALEGONA

LUSOFONIA

2 DE
MAIO DE
2024

ÀS
10:30

EDUARDO
MARAGOTO

SALA RAV 114, 11º ANDAR.
CAMPUS MARACANÃ UERJ

UERJ | ILE | KUNTA DE GALICIA | PROEG | galicia transatlántica | nveg

**A REPÚBLICA
DOS SONHOS**

**NÉLIDA
PIÑON**

III Leitura continuada de
literatura galego-portuguesa
3 e 4 maio 2024

JORNADA DE 2 LETRAS⁰ GALEGAS²₄

Em homenagem a Luísa Villalta

16h00 – Sessão de abertura

Henrique Marques Samyn (UERJ / coordenador do PROEG)
Xoán Lagares (UFF / coordenador do NUEG)

16h10 – Vida e obra de Luísa Villalta: entre o verso e o violino

Thayane Gaspar (UFRJ / professora do PROEG)

16h30 – Poesia e canção: intimidades e procedimentos

Leonardo Davino (UERJ)

17h30 – Apresentação de gaita galega

Leo Fuks (UFRJ)



Ilustração: Luís Samuel Souto Arias

terça-feira, 14 de maio de 2024, 16h às 18h

RAV 114 – Bloco F – UERJ Maracanã

Serão concedidos certificados de assistência

Evento gratuito e aberto ao público

Inscrições pelo endereço bit.ly/LetrasGalegasUERJ2024

Comissão organizadora
Henrique Marques Samyn (UERJ / coordenador do PROEG)
Thayane Gaspar (UFRJ / professora do PROEG)
Xoán Lagares (UFF / coordenador do NUEG)
Bárbara Teodoro Pinheiro (Bolsista Galícia Transatlântica)
Téo Luá Campello (Bolsista Galícia Transatlântica)
Daiana Marinho (Voluntária PROEG)



QUINTAL CULTURAL

APRESENTA:

CINEDEBATE: 'O APÓSTOLO'
com Caio Neves e Thayane Gaspar
20.06.24, 17h - Auditório Cartola

REALIZAÇÃO: UERJ, PROEG, Decult UERJ, CO ART

PARCERIA: Galícia Transatlântica, PROEG

Centro Cultural - em cima do bandeirão
Rua São Francisco Xavier, 524
Campus Maracanã



GRUPO DE ESTUDOS DO PROGRAMA DE ESTUDOS GALEGOS


Primeiro encontro – 2024
«Homenagem ao Bloomsday:
a presença da Irlanda na
Literatura Galega»

terça-feira, **25 de junho**
às 16h na sala 11.062-F

inscreva-se gratuitamente no endereço
www.linktr.ee/proeg



O encontro será
conduzido pela
doutoranda
Thayane Gaspar
(UFRJ)





Deputación DA CORUÑA

I GA 01
Thayane Gaspar Jorge 1991

Programa online para a resignificación da idea da galegitude no S.XXI

MARATÓN de GALEGUIDADES

24 DE XULLO
8:30 A 19:30

25 PAÍSES 11 HORAS
30 ENTREVISTAS

BRASIL

 **MARÍA PRADO RÚA**
Entrevistadora

 **MILAGROS JUSTE NÚÑEZ**
Entrevistada en Niterói

 **XOÁN CARLOS LAGARES**
Entrevistado en Niterói

 **THAYANE GASPARGORGE**
Entrevistada en Río de Janeiro

Deputación DA CORUÑA

**SÍMBOLOS E COSMOVISÃO NA
PEREGRINAÇÃO A SANTIAGO
DE COMPOSTELA**

Conferencista

Prof. Dr. Francisco Singul Lorenzo
Pesquisador da Xunta de Galicia
Membro do Comité Internacional de Expertos
del Camino de Santiago

Dia 03 de outubro de 2024, às 15h,
no Salão Nobre do Instituto de
História da UFRJ

Logos of PROEG, nueg, FAPERJ, and CAPES.

**EL APÓSTOL ESTÁ PRESENTE: LA
IMAGEN DE SANTIAGO Y SUS
PEREGRINOS**

Conferencista


Prof. Dr. Manuel Castiñeiras González
Universidad Autónoma de Barcelona
Departamento de Arte y Musicología
Presidente do Comité Internacional de Expertos
del Camino de Santiago

Dia 07 de outubro de 2024, às 15h,
no Salão Nobre do Instituto de
História da UFRJ

Logos of PROEG, nueg, FAPERJ, and CAPES.

CONFERÊNCIA

CONEXÕES ENTRE A CULTURA GALEGA E A BRASILEIRA



PROGRAMAÇÃO

9h30 (Brasília) **O galego e o destino da língua portuguesa**
14h30 (Galiza) **Prof. Edgard Leite**
Presidente da Academia Brasileira de Filosofia (ABF)



10h30 (Brasília) **A dança folclórica galega no exterior**
15h30 (Galiza) **Grupo Aires Galegos**
Grupo de dança tradicional (Casa Espanhola do Paraná)

11h30 (Brasília) **Brasileiro e galego: dois irmãos que se desconhecem**
16h30 (Galiza) **Prof. Guillermo Vidal**
Professor de Filologia (Universidade de Extremadura)

TRANSMISSÃO NO CANAL YOUTUBE DA AGAL
 [YOUTUBE.COM/@AGALNH](https://www.youtube.com/@AGALNH)

CONFERÊNCIA

CONEXÕES ENTRE A CULTURA GALEGA E A BRASILEIRA



PROGRAMAÇÃO

12h30 (Brasília) **Intervalo - Transmissão de Documentário**
17h30 (Galiza)

13h00 (Brasília) **O Brasil nas obras de Neira Vilas, Manuel Rivas e Daniel Asorey**
18h00 (Galiza) **Profa. Thayane Gaspar**
Professora de Letras Galegas (Universidade do Estado do Rio de Janeiro)

ORGANIZADORA  **AGAL**

APOIO  **ACADEMIA BRASILEIRA DE FILOSOFIA**

TRANSMISSÃO NO CANAL YOUTUBE DA AGAL
 [YOUTUBE.COM/@AGALNH](https://www.youtube.com/@AGALNH)

GRUPO DE ESTUDOS DO PROGRAMA DE ESTUDOS GALEGOS



Segundo encontro – 2024
«Etnologia, crenças e arte:
o lugar da “meiga” (bruxa)
no imaginário galego»

terça-feira, **26 de novembro**
às 16h no PROEG, sala 11.131-F

inscreva-se gratuitamente no endereço
www.linktr.ee/proeg

O encontro será
conduzido pela
doutoranda
Thayane Gaspar
(UFRJ)

Mediação por
Ana Carolina Carlos

